

# BIODIVERSIDADE



## FLORA INVASORA

### Que son as especies invasoras?

Son animais, plantas ou outros organismos, xeralmente transportados e introducidos polo ser humano en lugares fóra da súa área de distribución natural. Nestes novos lugares logran establecerse, resultando prexudiciais para as especies propias do lugar.

Causan danos en monumentos, cultivos, gando, etc., transmiten enfermidades a persoas, animais e plantas, contribuíndo na súa desaparición e alterando a estrutura de funcionamento dos ecosistemas.

#### Normativa aplicable ás especies invasoras:

- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade polo que se crea o catálogo español de especies exóticas invasoras.
- Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o catálogo español de especies exóticas invasoras e que prohibe introducir as especies presentes nel.

#### Herba da pampa

*Cortaderia selloana*

ORIXE: América do sur.  
Follas de cor verde glauca pregadas en v.  
Bordo lixeiramente dentado. A inflorescencia é unha gran panicula esbrancuxada.

##### ☉ Danos que produce:

- Modificación do hábitat pola súa estrutura vexetativa.
- Especie pirófito (amante do lume), favorece a propagación de incendios e a colonización do terreo despois do lume.

#### Fento de auga

*Azolla filiculoides*

ORIXE: América.  
Pequeno fento acuático flotante.  
A súa cor varía de tons verdes a avermellados, en función da exposición solar.

##### ☉ Danos que produce:

- Forma capas duns 10 cm de grosor, na superficie dos ríos, afectando á vexetación que se atopa mergullada.
- Dificulta o intercambio de osíxeno.
- Fai desaparecer especies acuáticas autóctonas.

#### Robinia

*Robinia pseudoacacia*

ORIXE: Centro e leste de Estados Unidos.  
Árbore caducifolia espiñenta, con follas alternas, pecioladas en número impar, elípticas ou ovadas, agudas no ápice e flores en arios colgantes.

##### ☉ Danos que produce:

- Modificación das condicións naturais do terreo que ocupa, formando un humus rico en nitróxeno que favorece a presenza de especies oportunistas.
- Perigosa para os bosques naturais, producindo o desprazamento da flora autóctona.

#### Mimosa

*Acacia dealbata*

ORIXE: Sudeste de Australia e Tasmania.  
Árbore perennifolia con follas compostas, bipinnadas de cor verde azulada ou prateada.  
As flores, de cor amarela intensa ou amarelo limón, están dispostas en glomérulos. Son olorosas.

##### ☉ Danos que produce:

- Gran capacidade de invasión en diferentes lugares do mundo.
- Alto potencial alelopático, emitindo substancias que dificultan a xerminación doutras especies.
- Clara vocación pirófito, xa que o lume favorece a xerminación das sementes e o rebrote.

#### Uña de gato

*Carpobrotus edulis*

ORIXE: Sudáfrica.  
Planta perenne de porte rasteiro, cunha lonxitude do talo de ata 2 m.  
As follas son de cor verde viva, ás veces púrpura nos extremos, con textura cêrea e sección triangular, curvadas cara arriba.

##### ☉ Danos que produce:

- Produce alteracións na estrutura e na abundancia relativa de especies nativas ou endémicas.
- Acumulan sales no solo diminuíndo a dispoñibilidade de nutrientes e alterando o pH.

#### Crocsmia

*Crocsmia x crocsmiflora*

ORIXE: Sudáfrica.  
Planta perenne con follas agrupadas, acintadas, con nervios paralelos.  
Flores alaranxadas lixeiramente zigomorfas, cos tépalos soldados nun tubo lixeiramente curvado e os lóbulos oblongos, abertos.

##### ☉ Danos que produce:

- Afecta gravemente ao sotobosque do Bosquealuvial de ameneiros (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus excelsior*).

#### Outras especies invasoras que afectan a Reserva son:

- Acacia negra (*Acacia melanoxylon*)
- Orelle de gato (*Tradescantia fluminensis*)
- Budleia (*Buddleja davidii*)
- Coniza (*Conyza canadensis*)
- Caléndula das praias (*Arctotheca calendula*)
- Cana (*Arundo donax*)
- Sempreviva (*Helichrysum petiolare*)
- Herba nudosa xaponesa (*Reynoutria japonica*)



• Máis información en: [www.marinasetanzos.org](http://www.marinasetanzos.org)

• Participa e colabora coa app para móbiles Biodiversidade na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

